



Modificación do punto 2.2 da Circular número 2/2015, do 23 de marzo, pola que se ditan instrucións sobre o réxime de pagamentos dos concertos educativos.

O punto 2.2. da Circular número 2/2015, do 23 de marzo, pola que se ditan instrucións sobre o réxime de pagamentos dos concertos educativos queda redactado do seguinte xeito:

“ Os centros estarán obrigados a acollerse a calquera tipo de bonificacións ou reducións, agás as derivadas de accións formativas, que afecten ás cotas de Seguridade Social do persoal docente concertado, sempre que a lexislación o contemple, e respectando a liberdade das empresas para aplicar os diferentes tipos de contrato válidos para o referido persoal.

Queda exceptuado da obriga recollida no parágrafo anterior a contratación ou ampliación de contrato de profesorado que xa presta servizos no propio centro”.

Santiago de Compostela, 7 de decembro de 2015

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

José Manuel Pinal Rodríguez

